



Reclamante: 
Expediente. Nº **RSCTG 22/2022**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  , mediante escrito do 10 de febreiro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de marzo de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de febreiro de 2022 , unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra Resolución da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2022, pola que se resolve a súa solicitude de acceso á información sobre o Centro Galego de Londres.

O reclamante en resumo, considera que tan só se proporcionaron certos documentos que unicamente dan resposta ao derradeiro apartado da solicitude. Considera que se ben a resolución é formalmente estimatoria, na práctica non se concedeu acceso a toda a información solicitada.

Os tres primeiros apartados presentaban diferentes escenarios e a Secretaría Xeral da Emigración non facilitou ningunha da información solicitada sen máis aclaración, cando podería ser que aínda non resolvera nin revogar a condición de Comunidade Galega ao Centro Galego de Londres nin se arquivase a denuncia, ao estar aínda investigando os feitos, polo que poderíamos atoparnos ante unha situación onde aínda non se podería conceder o acceso a información porque aínda non existiría. Considera que se ese fora o caso, a Secretaría Xeral

da Emigración debería indicalo, co fin de que o solicitante puidera repetir a mesma petición transcorrido un prazo de tempo razoable.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da resolución impugnada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 17 de febreiro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Emigración para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 21 de febreiro de 2022.

Terceiro. Con data do 24 de febreiro de 2022 Secretaría Xeral de Emigración contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 11 de xaneiro de 2022, o secretario xeral da Emigración resolve conceder o acceso á información solicitada, que se notifica ao interesado coa indicación de que se lle remite a Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se resolve o procedemento para a revogación da condición de Comunidade galega á entidade Centro Galego de Londres (CG_0065/2015), respecto da información solicitada nos tres primeiros puntos do seu escrito, por ser este o procedemento tramitado.

Ao recibirse a solicitude de informe da Comisión da Transparencia respecto da reclamación presentada polo interesado, unha vez revisada a documentación efectivamente posta á súa disposición, conséntase que se produciu un erro material nos documentos achegados coa resolución, dado que non se incluíu a Resolución que expresamente se lle indicaba.

Por tanto, con data do 22 de febreiro de 2022 procedeuse á rectificación do erro material e déuselle traslado da mesma ao interesado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente existencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 13 de xaneiro de 2022 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 10 de febreiro de 2022, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou da Secretaría Xeral de Emigración acceso á información referida a un expediente dun procedemento aberto a un Centro Galego no exterior, do que descoñecía o seu estado de tramitación, polo que solicita que en caso de que a Secretaría Xeral decidira non iniciar o procedemento, se lle remitise a resolución para non inicialo, no caso de que se decidira iniciar e posteriormente archivar o procedemento, se lle remitise copia da resolución de arquivo, no caso de que ao centro se lle revogase a condición de Comunidade Galega, a data de revogación e no caso de que o Centro proporcionara nova documentación, se lle remitise copia da mesma.

A Secretaría Xeral de Emigración resolveu conceder o acceso á información solicitada, pero na notificación enviada ao interesado, por erro, non remitiu a Resolución pola que se resolve o procedemento, que foi remitida, segundo consta no expediente remitido, con data do 22 de febreiro de 2022, unha vez constatado o erro producido.

De acordo co anterior, ao terse remitido ao interesado a documentación solicitada con posterioridade á presentación da súa reclamación a esta Comisión, procede a estimación por motivos formais da reclamación presentada.

Sexto. Audiencia ao interesado.

O interesado solicita que antes de redactar a proposta de resolución, se lle dea traslado de todos os documentos incorporados ao expediente e se outorgue trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 82.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non procede a apertura do trámite de audiencia, de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 39/2015, dado que non se tiveron en conta para a elaboración da proposta de resolución, novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único : Estimar por motivos formais, a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 10 de febreiro de 2022, contra a Resolución da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2022, pola que se resolve a súa solicitude d acceso á información sobre o Centro Galego de Londres.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2022.03.31 08:37:35 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.